

INDICE

	Pax.
1. Estratexia de actuación.....	2
1.1. Consideracións xerais.....	2
1.2. Actuacións públicas.....	3
1.3. Accións concertadas con particulares.....	6
2. Estudio económico.....	7
2.1. Consideracións xerais.....	7
2.2. Estimación aprox. dos custos das actuacións previstas	8
2.3. Resumo de custos.....	12

1. ESTATEXIA DE ACTUACIÓN.

1.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS.

A nova Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (no sucesivo L.O.U.G) establece no seu artigo 60.1 que os plans xerais de ordenación municipal deberán conter a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non-consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.

Asimesmo establece no seu artigo 60.2 que os plans xerais de ordenación deberán determinar os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non-consolidado e en solo urbanizable delimitado, para os que deberán fixarse os prazos e as condicións en que teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares.

No caso particular do PXOM de Lousame temos que dicir, tal e como xa se ten indicado na Memoria Xustificativa, que non clasifican solos urbanos nin solos urbanizables delimitados, polo que consideramos que a estratexia de actuación debe recoller simplemente o desenvolvemento dos sistemas xerais e outras iniciativas públicas dentro do prazo establecido para a revisión do PXOM (8 anos), toda vez que non se prevé ningunha actuación concertada cos particulares.

1.2. ACTUACIÓN PÚBLICAS.

1.2.1. Sistema Xeral de Comunicacions.

O P.X.O. de Lousame recollía como principal e máis urxente actuación no eido das comunicacións a mellora da estrada de Portobravo ao alto do Confurco. Entre o momento de redactar o Diagnóstico e o momento presente xa se procedeu a acometer as melloras que alí se demandaban.

Tamén se procedeu a acometer as melloras que se apuntaran para a estrada de Ponte San Francisco a Ponte Beluso co acaemento da zona de San Roque e a ampliación e mellora do trazado do CP –1105 (Noia-cabo de Cruz).

Xa que logo, fica aínda sen resolver o acaemento dos elementos do Sistema Xeral que se relacionan de seguido, dacordo co criterio de prioridade:

- VÍAS TIPO II:
 - Acondicionamento Estrada AC-301 (Padrón-Noia).
- VÍAS TIPO III:
 - a) Rede provincial:
 - Tramo Couto-Aldeagrande
 - Comparada-Ponte Beluso
 - b) Rede Municipal:
 - Ensanchamento da vía municipal de Portobravo á igrexa de Tállara (por Seidón e San Roquiño).
 - Alvariza-Vilacoba.
 - Confuco-Escabia
 - Praia Ormande-Argalo
 - Aldeagrande-Vilacoba

1.2.2. Sistema Xeral de Infraestructuras básicas:

1) Rede de Abastecemento de auga.

Son prioritarias e pola orde que se citan as seguintes realizacións:

- a) Municipalización do servizo, comenzando polos núcleos de maior diversidade.
- b) Extensión progresiva do servizo a todas as parroquias.
- c) Depuración.

2) Rede de Saneamento.

É prioritario o enlace de todos os núcleos da vertente da Ría de Noia co saneamento integral desta Ría.

En tanto non se acometa esta obra abordar o servizo nos núcleos de máis de 10 vivendas que aínda non dispoñen del, a saber:

Parroquia de Comboño: A Eirexa, Chouza, Corral de Arriba, Crons, Monteselo, con 76 vivendas en total.

Parroquia de Fruime: Ardeleiros, Arribas, Burzo, Cabalariza, Fruime, Millón, Vilas e Zaramagoso, con 114 vivendas en total.

Parroquia de Lesende: Bexeres, Horta, e Soutorredondo, con 59 vivendas en total.

Parroquia de Lousame: Berrimes-Quintáns-Costa, Castro, Cerquides, Ces, Riatelo, Filgueira-Seixido, Gandarela, Maxide-Outeiro-Portela, cun total de 312 vivendas.

Parroquia de Tállara: Abeixón, Figueroa, Figueroa, Pascual e Vilar, cun total de 91 vivendas.

Parroquia de Toxosoutos: Fontefría e Sedofeito, cun total de 24 vivendas.

Parroquia de Vilacoba: Comparada, Minas de San Finx, Servia e Silvarredonda, cun total de 64 vivendas.

1.2.3. Sistema xeral de equipamentos.

Neste eido consideramos que sería prioritario abordar a realización das previsións que en materia de equipamento sociocultural e deportivo (así como elemento do Sistema Xeral de espazos libres) se pretende no Castro, coa adquisición da vella fábrica de papel de Fontán.

Así mesmo, consideramos a necesidade de construción de canchas de tenis no lugar de Meixonfrío á beira do Parque Fluvial de Tállara.

1.2.4. Sistema xeral de espazos libres.

As prioridades, no que atinxe ao sistema de espazos libres, ao noso xuízo deben ser:

- a) Creación do parque do Castro.
- b) Creación do parque fluvial de Portobravo.
- c) Creación do parque fluvial de Merelle.
- d) O acondicionamento do parque da Muralla.
- e) O acondicionamento do miradoiro do Monte Colou.
- f) O acondicionamento do antigo vertedoiro.
- g) O acondicionamento do Parque de San Roque.
- h) O acondicionamento da zona denominada Coto da Insua.

Nos próximos oito anos deberían realizarse, alomenos, as tres primeiras realizacións.

1.3. ACCIÓNS CONCERTADAS CON PARTICULARES.

Non se prevén.

2. ESTUDIO ECONÓMICO.

2.1. Consideracións xerais.

A L.O.U.G. no seu artigo 60.3 establece que o Plan Xeral de Ordenación Municipal deberá conter unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do Concello.

Asimesmo establece que no suposto de que se lles atribúa o financiamento a administracións ou entidades públicas distintas do municipio, deberá acreditarse a conformidade delas.

No que se refire ao P.X.O.U. de Lousame, indícase de seguido o custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas no prazo de oito anos, así como as administracións ou entidades públicas as ordes se lles atribúe o financiamento.

2.2. ESTIMACIÓN APROXIMADA DOS CUSTOS DAS ACTUACIÓN PREVISTAS.

2.2.1. Sistema Xeral de Comunicacións¹

- | | |
|--|--------------------|
| 1) Acondicionamento Estrada AC-301 (Padrón-Noia). | |
| Custo da obra, incluída expropiación de terreos necesarios | 3.000.000 € |
| Administración actuante: CPTOPV | (100 %) |
| 2) Ensanchamento da vía municipal de Portobravo á Igrexa de Tállara. | |
| Custo da obra, incluída expropiación de terreos necesarios | 450.000 € |
| Administracións actuantes: Concello | (100 %) |
| 3) Acondicionamento vía municipal Alvariza-Vilacoba | |
| Custo da obra, incluída expropiación de terreos necesarios | 180.000 € |
| Administracións actuantes: Concello | (100 %) |
| 4) Acondicionamento vía municipal Confurco-Escabia | |
| Custo da obra, incluída expropiación de terreos necesarios | 180.000 € |
| Administracións actuantes: Concello | (100 %) |
| 5) Acondicionamento vía municipal Praia de Ornanda-Argalo | |
| Custo da obra, incluída expropiación de terreos necesarios | 108.000 € |
| Administracións actuantes: Concello | (100 %) |
| 6) Acondicionamento vía municipal Aldeagrande-Vilacoba | |
| Custo da obra, incluída expropiación de terreos necesarios | 240.000 € |

¹ Non se inclúen as melloras nas estradas provinciais ante a falta de conformidade da administración titular das

Administracións actuantes: Concello (100 %)

2.2.2. Sistema Xeral de Infraestructuras básicas².

a) Auga.

1) Municipalización do servizo (núcleos de maior diversidade)

Custo das obras de conexión: **10.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %)

2) Extensión progresiva a todas as parroquias.

Custo das obras: **300.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %)

3) Depuración.

Custo da obra incluída adquisición de terreos necesarios **800.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %)

b) Rede de Saneamento.

1) Conexión saneamento integral do río.

Custo da obra: **275.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %)

2) Saneamentos dos núcleos que non teñen agora rede de saneamento.

2.1. Parroquia de Camboño.

2.2. Parroquia de Fruime.

2.3. Parroquia de Lesende.

² Aínda que se prevé o financiamento destas actuacións a cargo do Concello a falta de conformidade de financiamento con outras administracións, entendemos que as mesmas poden ser incluídas dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos e do Plan Operativo local da Deputación Provincial que anualmente se convocan, ou dentro de calquera outro plan ou subvención da mesma Deputación ou de calquera organismo da Administración Autónoma.

2.4. Parroquia de Lousame.

2.5. Parroquia de Tállara.

2.6. Parroquia de Toxosoutos.

2.7. Parroquia de Vilacoba.

Custo total das obras: **550.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

2.2.3. Equipamentos.

1) Equipamento Multifuncional do Castro³

Custo da obra:

- Adquisición de terreos: **360.000 €**

- Rehabilitación edificio: **1.500.000 €**

- Acondicionamento da área incluíndo
construcción piscina ao aire libre: **400.000 €**

	2.260.000 €
--	--------------------

Administración actuante: Concello (100 %)

2) Construcción de canchas de tenis no lugar de Meixonfrío.

Custo da obra incluído adquisición de terreos: **135.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

3) Construcción dun centro de día no lugar de Portobravo.

Custo da obra incluído adquisición terreos: **450.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

³ Sería de desexar que no financiamento deste equipamento participara a Administración Autonómica a través da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e mesmo da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

- 4) Construcción dunha gardería no lugar de Portobravo.

Custo da obra incluído adquisición terreos **360.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %)

2.2.4. Espacios Libres⁴.

- 1) Creación parque do Castro.

(incluído no epígrafe de Equipamentos).

- 2) Acondicionamento parque fluvial de Portobravo.

Custo da obra: **455.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

- 3) Acondicionamento parque fluvial de Merelle.

Custo da obra: **103.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

- 4) Acondicionamento do parque da Muralla

Custo da obra: **90.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

- 5) Acondicionamento do miradoiro do Monte Colou

Custo da obra: **36.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

- 6) Acondicionamento da zona do antigo vertedoiro

Custo da obra: **55.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

- 7) Acondicionamento da zona denominada Coto da Insua.

Custo da obra: **90.000 €**

Administración actuante: Concello (100 %).

⁴ Sería tamén de desexar que parte do financiamento destas actuacións corra a cargo da Consellería de Medio Ambiente, así como da Deputación Provincial.

2.3. RESUMO DE CUSTOS.

1º) Resumo custos, por Sistemas Xerais.

a) Sistema Xeral de Comunicacións:	4.158.000,-- €
b) Sistema Xeral de Inf. Básicas:	1.935.000,-- €
c) Sistema Xeral de Equipamentos:	3.205.000,-- €
d) Sistema Xeral de Espacios Libres:	829.000,-- €

TOTAL **10.127.000,-- €**

2º) Resumo por administracións e órganos de cada administración.

1. Administración Autónoma:

1.1. Consellería de Política Territorial,

Obras Públicas e Vivenda: 3.000.000,-- €

2. Concello de Lousame 7.127.000,-- €

TOTAL **10.127.000,-- €**

Calculando para oito anos, investimentos supoñen un montante de **1.265.875,-- €** .

Pontevedra, Outubro de 2004



Asdo. Daniel Pino Vicente